

## ACHEGAMENTO A XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO (Os Vilares, Guitiriz, 1914 – Lugo, 1990)



Egrexio poeta e tradutor nado na parroquia dos Vilares (Guitiriz) en 1914, Díaz Castro ten a consideración de autor dun dos libros esenciais da poesía galega do século XX, **Nimbos** (1961). Con todo, a súa obra é notablemente máis extensa, pois gran parte da mesma permanece espallada por revistas, xornais e volumes colectivos, ademais de opúsculos e cadernos que tiveron unha escasa difusión ou mesmo permaneceron inéditos. A doita ser encadrado dentro da Xeración de 1936 ó carón de poetas como Ricardo Carvalho Calero, Celso E. Ferreiro e Aquilino Iglesia Alvariño.

Formado no seminario de Mondoñedo, aínda que non chegou a ordenarse, alí fixo amizade con Aquilino Iglesia Alvariño e escribiu varios cadernos de poesía perdidos, como **Follas verdes** e **Follas ó aire**, e o único libro que deu ó prelo foi **Nimbos** (1961), composto por trinta e unha composicións de ton paisaxístico e relixioso centradas na vida, o tempo e a morte. Nel inclúe o poema “***Penélope***”, que reflicte o forte arraigo á súa terra a través duns versos que ofrecen unha definición de Galicia audaz e profunda.

Xesús Alonso Montero, presidente da RAG, defíneo como “un poeta clásico e telúrico”; Méndez Ferrín considérao “un dos cumios líricos da nosa lingua e de todos os tempos”; e o propio Ramón Piñeiro chegou a dicir que era (no ano 1972) “o mellor poeta antre os que hoxe viven”.

Díaz Castro escribiu os primeiros versos ós 12 anos e o seu primeiro poema publicouno ós 16 na revista “Lluvia de rosas” (Tarragona) da que foi colaborador. Ós 17 anos ingresou no seminario que abandonou en 1936 para realizar o servizo militar, meses antes do inicio da Guerra Civil. Unha vez rematada a contenda comezou a exercer a docencia como profesor de Ensino Medio das materias de Latín e Inglés no Colexio León XIII en Vilagarcía de Arousa. . Nos Xogos Florais celebrados en Betanzos o 19 de agosto de 1946, acadou o primeiro premio de poesía en castelán por “***El cántico de la ciudad***” e o primeiro premio de poesía galega polos tres sonetos titulados “***Nascida dun soño***”, recuperados na Homenaxe que lle tributou a Asociación Xermolos en 1987. Licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade de Salamanca e en 1948 trasladouse a Madrid, onde continuou dando clases e ademais desenvolveu un intenso

labor como tradutor, ingresou no Instituto de Cultura Hispánica e no Consello Superior de Investigacións Científicas, do que foi encargado dun servizo de traducións.

Consagrouse como poeta en 1961 coa publicación de **Nimbos**, unha obra de madurez considerada un clásico da nosa literatura, nela Díaz Castro verque reflexións sobre o ser humano a través da preocupación existencial e relixiosa, e da comunión coa natureza, tendo Galicia sempre como trasfondo. Destacou a recorrencia dos termos connotadores de “luz” e de “sombra” nos seus versos, que se proxectan nas súas vivencias relixiosas e na lembranza do paraíso perdido da infancia. Na súa obra apréciase un ton xeral de desesperanza, de dor e de morte que extrapola do seu eu interior á propia Galicia e que neutraliza con notas de esperanza e saída á luz. O amor, a morte, a vida, a nostalxia da infancia perdida, a relixiosidade e o arraigamento coa terra son temas recorrentes na súa obra.

Regresou a Galicia en 1984 e colaborou en diversas publicacións nas que deu a coñecer poemas e ensaios.

O seu poema “Penélope” é recoñecido como unha das xoias da nosa poesía, nestes versos reflexiona sobre unha Galicia que permanece durmida e reflicte o forte arraigo á súa terra a través dunha definición de Galicia audaz e profunda.

*Un paso adiante e outro atrás, Galiza,*

*e a tea dos teus soños non se move.*

*A esperanza nos teus ollos se espreguiza.*

*Aran os bois e chove.*

*Un bruar de navíos moi lonxanos*

*che estrolla o sono mol coma unha uva;*

*pro ti envólveste en sabas de mil anos*

*e en soños volves a escoitar a chuva.*

*Traguerán os camiños algún día*

*a xente que levaron: Deus é o mesmo.*

*Suco vai, suco vén, Xesús-María!,*

*e toda cousa ha de pagar seu desmo.*

*Desorballando os prados coma sono*

*o tempo vai de Parga a Pastoriza.*

*Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.*

*Un paso adiante e outro atrás, Galiza!*

Coincidindo co centenario do nacemento de Xosé María Díaz Castro, o Concello de Guitiriz, a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, a Asociación Cultural Xermolos, o Centro Pen de Galicia e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega participaron conxuntamente na celebración desta efeméride na terra natal do escritor, que serve ademais como punto de partida para o ronsel de celebracións coas que se conmemora o Día das Letras Galegas 2014. Neste sentido, a propia inauguración de *'Nimbus de luz'* enmárcase dentro do programa de actos co que se dá comezo ao 'Centenario de Díaz Castro'.

Concretamente, "*Nimbus de luz*" é unha mostra itinerante que percorrerá quince concellos das catro provincias de Galicia. A exposición está producida pola Editorial Galaxia e Merlín Comunicación, e ten como comisarios a Alfonso Blanco Torrado, Luís González Tosar e Armando Requeixo. Do proxecto expositivo o conselleiro destacou a súa "calidade didáctica" e o traballo realizado polos comisarios, "os dous primeiros amigos do poeta e o terceiro estudoso da súa vida que, no uso da palabra, nos lembraron a importancia e a altura creativa dun gran literato".